

Contextualización e análise da televisión de galicia no ámbito europeo de televisións rexionais

Carmen Ciller Tenreiro¹

Introducción

Nos últimos anos os distintos países que integran Europa asistiron a unha serie de transformacións claves que afectaron directamente as súas políticas de comunicación. Os cambios orixinados hasta a actualidade contribuíron a potenciar sistemas audiovisuais nos que prolifera o auxe de estruturas rexionais e locais.

A reivindicación política duns medios de comunicación propios en países cunha cultura e unha lingua diferenciadas posibilitou a creación e a consolidación de sistemas televisivos considerados decisivos para a recuperación e a normalización das nacionalidades, rexións e localidades que constitúen a Unión Europea. Como consecuencia mais directa xurdan os casos da Televisión de Galicia en Galicia, a TV3 en Cataluña, Euskal Telebista no País Vasco, S4C no País de Gales, Omrop Fryslan en Holanda ou Teiflifs na Gaeilge en Irlanda.

De entre os diferentes procesos que se sucederon e que de maneira decisiva orixinaron unha nova articulación e modificación do panorama audiovisual europeo, os derivados da desregulación e en consecuencia da privatización da televisión son os que conseguiron quebrar máis significativamente o sistema de monopolio imperante hasta o momento. Así mesmo, e a consecuencia da dixitalización, prodúcese os fenómenos decisivos para a evolución dos medios de comunicación: multiplícanse as canles televisivas e se desencadea unha nova manifestación do fenómeno: a converxencia entre a televisión, a informática e as telecomunicacións². Existe ademais outro proceso que se desenvolveu paralelo a auxe dos mencionados espazos locais e rexionais e que foi adquirindo espazo en Europa a nivel económico, político e cultural, o da descentralización.

Unha rexión sen espazo audiovisual propio, sen capacidade de produción audiovisual e sen programas de cooperación intersectorial, condénase a sí mesma á progresiva perda de potencial no conxunto do seu desenvolvemento³. Desta aseveración, en parte, dedúcese, que un dos factores que en maior medida impulsou a *descentralización televisiva* foron os acontecementos políticos. Que esta última desenvolveuse paralelamente á descentralización político-administrativa dos Estados é unha evidencia tal, como que a labor de determinados grupos políticos foi a que impulsou de maneira decisiva o desenvolvemento das televisións nas rexións, amparada e creada na maioría dos casos pola iniciativa pública.

O obxecto da presente comunicación consiste en analizar o novo panorama audiovisual que se presenta en Galicia nos últimos anos coa aparición da Televisión de Galicia. En primer lugar se presenta unha contextualización dos condicionantes televisivos, políticos e económicos que van a determinar a aparición desta televisión pública. A continuación, analízanse as señas de identidade que caracterizan a TVG e que a identifican como canle rexional. Finalmente, o texto expón de que maneira todas estas variables están incidindo nas políticas de desenvolvemento do audiovisual rexional en Galicia.

Contextualización da aparición da Televisión de Galicia

O sistema televisivo español, marcado desde un primeiro momento polo seu carácter centralizado e público, remontase á aparición da TVE en 1956. Televisión Española é unha empresa pública integrada ó Grupo RTVE, composta á súa vez por *Radio Nacional de España*, *TVE Temática* e *TVE Internacional*. TVE presenta dúas canles hertzianas de ámbito estatal, TVE-1 (*La Primera*) e TVE-

2 (La 2). Esta última creada en 1966, conta con 17 delegacións territoriais, unha en cada Comunidade Autónoma, desde as que se emite programación rexional.

Como consecuencia directa do proceso de desregulación en Europa, a aprobación da *Ley de la Televisión Privada de 1988* posibilitou a aparición de tres canles privadas que comezaron a emitir entre finais de 1989 e principios de 1990. *Antena 3 TV*, *Telecinco* e *Canal Plus*, o único canal de pago.

A dixitalización e a globalización configúranse como procesos claves que repercutiron no sistema audiovisual do estado español. TVE, as tres canles privadas e todas as televisións autonómicas presentan na actualidade emisións vía satélite. Ademais, recentemente Distribución de *Televisión Digital-Vía Digital* e a plataforma de televisión dixital, *Canal Satélite Digital* que operaban de maneira independente fusionáronse dando lugar a Digital Plus que opera desde xullo de 2003.

O auténtico proceso que exerceu unha forza descentralizadora definitiva en España iniciouse en 1982, a consecuencia da aprobación da *Ley de los Terceros Canales*, coa posta en marcha da primeira televisión autonómica, a *Euskal Televista*. A coexistencia no estado español de diferentes linguas autóctonas: o español ou castelán, lingua oficial do Estado; o catalán, lingua propia de Cataluña, as Illas Baleares e gran parte do País Valenciano e dunha pequena parte de Aragón; o euskera, lingua propia de Euskadi e parte de Navarra; e o galego, lingua propia de Galicia, quedou reflectido coa chegada da democracia na Constitución de 1978, na que se “reconoce y garantiza el derecho de autonomía de las nacionalidades y regiones que integran España” e se establece un marco para a descentralización político-administrativa, no que nun primeiro momento se diferenciaron as autonomías de “primeira velocidade” (Andalucía, Cataluña, Galicia e País Vasco) e as de “segunda velocidade ” (as trece restantes). Todas as comunidades autónomas (17: Andalucía, Aragón, Canarias, Cantabria, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Comunidad Foral de Navarra, Comunidad Valenciana, Extremadura, Galicia, Islas

Baleares, La Rioja, Madrid, País Vasco, Principado de Asturias, Región de Murcia) organízanse institucionalmente da mesma maneira: un parlamento rexional e un executivo encabezado por un presidente, nomeado pola cámara. En canto as competencias en materia televisiva, estas concréntanse na posibilidade de crear e xestionar as súas propias radios e televisións.

A aparición das televisións autonómicas en España producíronse en dúas fases. Na primeira, créanse as corporación de tres nacionalidades históricas, que detentan o obxectivo común e prioritario de contribuir á normalización da lingua e a cultura propias, *Euskal Itarri Telebista* no País Vasco en 1982, *Corporació Catalana de Ràdio i Televisió* en Cataluña en 1983 e *Compañía de Radio e Televisión de Galicia* en 1985. O feito de que Galicia se vira afectada por unha capacidade financeira máis restrinxida repercutiu indudablemente no desenrolo da televisión⁴.

A segunda fase desenvólvese entre 1986 y 1989. No País Vasco e Cataluña poñen en marcha as segundas canles de televisión, *ETB2* (emite maioritariamente en castelán) en 1986 e *Canal 33* (íntegramente en catalán baixo un perfil especializado, deportes, música, cultura). En 1989 se crean as televisións autonómicas de Andalucía, Madrid e Comunidad Valenciana. En 1989 inicia as súas emisións a *Radio Televisión Pública de Andalucía*, en 1998 pon en marcha unha segunda canle terrestre, o *Canal 2 Andalucía*. En 1989 inicia as súas emisións a *Radio Televisión de Madrid*. Tamén neste ano inicia as súas emisións o *Canal 9*, primer canal da *Radiotelevisió Valenciana*. En 1997, comezou a emitir a segunda canle autonómica valenciana, *Noúcies 9*. En 1998 concédese a licencia para a televisión autonómica da Comunidade Autónoma de Canarias, e no 2001 comeza a emitir a *Televisión Autónoma de Castilla-La Mancha*.

“O escenario televisivo español completase coa posta en marcha e consolidación, nos anos máis recentes das televisiones locais⁵, xurdidas no marco dun proceso histórico de recuperación das liberdades democráticas”⁶.

A Televisión de Galicia e o seu perfil de televisión rexional

Definido o contexto no que xurde a Televisión de Galicia no marco do sistema televisivo do Estado español, a continuación preséntase unha breve exposición sobre as principais características que identifican á TVG como *televisión rexional*. Previamente e atendendo á diversidade de modelos de televisión rexional que se distinguen actualmente en Europa, obsérvase como a TVG atópase ubicada baixo a denominada *Televisión independente de cobertura especificamente rexional*⁷, en canto que reúne unha serie de características específicas a este modelo: presenta unha capacidade autónoma de producir e emitir para a súa rexión unha programación completa e xeneralista. Dentro desta clasificación tamén aparecen incluídas o resto das televisións autonómicas do Estado español, así como a S4C do País de Gales ou a Omrop Fryslân en Holanda.

As distintas emisións televisivas da TVG vía satélite recibidas en Europa e en América, así como as do resto das televisións autonómicas, inclúen a súa vez a todas éstas dentro do modelo de *televisión rexional independente de cobertura suprarrexional, nacional ou internacional*. Unha programación específica de proximidade (consecuencia do proceso de descentralización) atende a unha cobertura internacional a través das recentes tecnoloxías do satélite e do cabo (consecuencia da globalización e a dixitalización).

O Parlamento de Galicia, amparándose na condición de nacionalidade histórica para Galicia, en base ó lexislado na *Ley del Tercer Canal de 1983*, accede á creación da Compañía de Radio e Televisión de Galicia. A xestión pública da televisión va a determinar absolutamente os seus obxectivos e as súas prioridades. Contribuír á normalización do idioma a través da potenciación da idiosincrasia que caracteriza ao pobo galego se convertirá no eixo principal que articule os contidos de programación da canle pública. Ó mesmo tempo a TVG deberase converter no motor dinamizador da industria audiovisual na rexión, con capacidade para crear novos postos de traballo e aumentar o volumen de negocio.

Acorde a estes principios, a Televisión

de Galicia exerceu desde os seus comezos unha labor de importancia capital para o afianzamiento dunha cultura, unha lingua, uns valores e a plasmación decisiva da construción identitaria como nacionalidade.

A identidade como núcleo organizador da Industria da Cultura en Europa e como activo na definición de áreas xeo-lingüísticas na Mundialización - e no Mercado Global - ademáis da Televisión Pública como factor identitario - sobre todo nos países pequenos, nas situacións periféricas ou nas sociedades en proceso de normalización - son os dous conceptos xerais que enmarcan o achegamento realizado ao audiovisual en Galicia⁸.

A Televisión de Galicia afronta, entre outras, unha dobre función principal: ofertar unha programación, e facer fronte á financiación desta. Para isto a televisión conta cunha serie de recursos (financiación pública) que non son ni moito menos suficientes. Como televisión de servizo público necesita e se presupón pertinente que estableza múltiples relacións co resto das institucións e entidades públicas na comunidade (administracións públicas, universidades, teatros, organismos deportivos, xornais) coas que poder establecer acordos de coproducción y colaboración que redunden no beneficio e a dinamización económica e socio-cultural de Galicia.

Mais toda esta serie de colaboracións e acordos para paliar os recursos económicos que se precisan para facer fronte ós gastos que xenera a canle non resultaron suficientes. En consecuencia, a TVG viuse na senda de perseguir outros medios de financiación: os ingresos publicitarios. A utilización destes recursos derivaron progresivamente nunha constante loita pola maximización de audiencias, o que provocou o desvío da televisión de maneira continuada dos seus criterios de servizo público. Isto viuse traducido nunhas grellas que utilizan o *entretenemento* como fórmula principal dos seus contidos de programación.

O reiterado incumplimento do medio dos principios básicos que debía atender como servizo público así como unha forte presión política e social, pero en definitiva, a transposición da Directiva de 1989, na *Lei 25/1995 de 12 de xullo de Televisión sen Fronteiras* que otorga as Comunidades

Autónomas as funcións de control, inspección e imposición de sancións respecto os contidos de programación das terceiras canles propias, así como a emisión en xullo de 2000 do Dictamen sobre o cumprimento dos artigos 4 e 5 relativos a radiodifusión televisiva dunha produción maioritaria de obras europeas e de producións independentes durante o período 1997-1998 provocou nos últimos anos unha modificación da política de actuación da TVG nun intento de

involucrarse de maneira máis notoria no desenrolo dun modelo televisivo cunha iniciativa máis destacada que se inclina cara a potenciación da produción audiovisual autóctona⁹.

A continuación podemos observar unha relación da produción de stock producida polo sector da produción independente galega na que se implicou directamente a Televisión de Galicia para ser programada nas súas grellas durante o ano 2001¹⁰.

Documentais	Nº Capítulos	Reposicións	Duración	TOTAL
A memoria cotiá	13	3	30'	7h
Bestas	1	1	60'	1h52'
Galicia Visual	96	17	35'	54h13'
Terra e vento	22	9	60',30'	21h18'
Castelao	1	0	30'	23'19"
Monte Alén	1	0	30'	28'
Gordura	5	0	30'	2h
O milagro dos	1	0	35'	31'
Barreiros	1	0	50'	50'
Himno Galego	1	0	55'	54'
TOTAL				112h25'

Serie	Nº Capítulos	Reposicións	Duración	TOTAL
Mareas vivas	40	3	75'	1h32'
Fíos	4	1	70'	4h57'
Galicia express	19	0	40'	11h46'
Pratos combinados	104	61	80'	132h57'
Pequeno hotel	25	0	45'	16h21'
Terra de miranda	30	0	80'	30h06'
Avenida de América	40	0	30'	17h30'
Comediantes	3	0	40'	1h33'
Rías baixas	29	1	80'	29h
TOTAL				245h42'

Longametraxes	Nº Capítulos	Reposicións	Duración	TOTAL
Sempre Sonxa	1	0	108'	1h48'
Galego	1	0	128'43"	2h08'
Dame lume	1	1	98'15"	3h16'
Cando o mundo se acabe	1	1	74'40"	2h30'
Dame algo	1	0	85'42"	1h25'
TOTAL				11h07'

A Televisión de Galicia e o impulso do audiovisual rexional

Para 1997 foi aprobado un *Plan de Actuación*¹¹ cunhas prioridades que atendían á produción propia, o apoio ó sector audiovisual galego a través da ficción realizada e producida en Galicia. Con un *Plan de Ficción Feita en Galicia* iniciado por la CRTVG en 1996, con inversións superiores ós mil millóns das antigas pesetas, a TVG participa en numerosos proxectos, longametraxes, sereies de ficción e documentais que aparecerán reflectidos máis adiante nas grellas da TVG.

Paralelamente á política iniciada pola Televisión de Galicia nos últimos anos, que incide especialmente na potenciación da produción do sector audiovisual en Galicia e que repercute de maneira directa na sua *programación de cotidos de proximidade*, o que consolida a sua posición como motor clave e decisivo do sector da produción independente; as súas redes de distribución, ligadas ás constantes transformacións tecnolóxicas, presentan cada vez novos retos que alcanzan tanto ó consumo da televisión como ó alcance das súas emisións.

Por suposto sempre e cando non xurda un obstáculo maior: “a ausencia de políticas democráticas de comunicación capaces de comprender a importancia de ámbitos rexionais e locais na Europa do futuro”¹². Niñas rexións que logren superar estas dificultades políticas e consigan un grado de

autonomía considerable para xestionar os seus propios medios televisivos, ademais de aproveitar as novas posibilidades que implica a implantación das novas tecnoloxías, poderán asistir a unha auténtica revolución económica, social e cultural. A diversidade de canles e a especialización de públicos, implicará ademais a oportunidade de (re)construir as súas tradicións culturais e a súa identidade, a posibilidade de dinamizar as industrias audiovisuais rexionais a través da súa implicación directa nos procesos de produción continuada, decisivos para cubrir os novos contidos e programas que proliferarán coa ampliación da oferta.

O feito que supuxo a aprobación dun texto como a *Lei 6/1999 do Audiovisual de Galicia* leva a pensar que os políticos concienciáronse da importancia trascendental que supón a industria audiovisual en e para Galicia.

Galicia presenta nos comezos do novo milenio todas as posibilidades de artellar a través do sector do audiovisual, as telecomunicacións e as novas tecnoloxías, os principais polos que deberán impulsar e consolidar o seu desenrolo económico e socio-cultural como nacionalidade Europea. Sen dúbida, todas istas potencialidades no poderán ser materializadas se non existe e se da unha implicación absoluta desde a Administración, fundamentalmente encaminada a coordinar os tres pilares básicos nos que se deberá de asentar cálquela sector económico: a formación, a investigación e o sector industrial.

Bibliografía

Bustamante, Enrique, “Audiovisual y nuevas tecnologías de la información y comunicación, el necesario protagonismo de las regiones” en Comunicación Audiovisual y Desarrollo en las Regiones, Actas del II Congreso Internacional, Publicaciones de la Universidad Pontificia de Salamanca, 2000.

Bustamante, Enrique, *La televisión económica*, Barcelona, Gedisa, 1999.

Ciller, Carmen (tesis doctoral), *La Televisión de Galicia. Un estudio de su programación: 1985-1998*. Universidad Complutense de Madrid, 2000.

García Matilla, Agustín, “La televisión local como propuesta innovadora de comunicación” en Chaparro Escudero, Manuel: *Radiotelevisión pública local y alternativa*. Perspectivas, Jerez de la Frontera, Asociación de Emisoras Municipales de Andalucía de Radio y Televisión, 1997.

Informe de Xestión e Contas Anuais da Televisión de Galicia, S.A., 1997.

Ledo Andión, Margarita, “O Audiovisual”, *A Comunicación en Galicia 2000/ Ponencia de Comunicación*; Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2000.

Ledo Andión, Margarita, *Televisión e Interculturalidade en Galicia, Bretaña e País de Gales*; Santiago de Compostela, Unión Europea, Dirección Xeral XXII, Conseil Regional de Bretagne, CRTVG, Facultade de Ciencias da Información da USC, Instituto Culturel de Bretagne, 1998.

Ledo Andión, Margarita (edic.), Os “*Estados Xerais da Cinematografía e do Audiovisual en Galicia*”. *Catálogo de producións 2001-2002*, Universidade Santiago de Compostela, 2004. Edición bilingüe galego-inglés.

López, Bernat, “La televisión en las regiones de Europa: una investigación pionera”, *Zer*, nº 1, 1996.

Moragas Spà, Miquel de, **Garitaonandía**, Carmelo y **López**, Bernat (Eds): *Televisión de Proximidad en Europa*, Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona, 1999.

Moragas Spà, Miquel de, “Espacio Audiovisual y regiones en Europa”; *Telos*, nº 45, Madrid, marzo- mayo, 1996.

Sánchez, Josefina, (tesis doctoral) *Audiovisual y sociedad de la información en las regiones: Castilla - La Mancha 1991 - 2001*. Universidad Complutense de Madrid, 2003.

¹ Universidad Carlos III de Madrid.

² Moragas Spà, M. de, Garitaonandía, Carmelo y López, Bernat (Eds): *Televisión de Proximidade en Europa*, Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona, 1999.

³ Moragas Spà, Miguel de, “Espacio Audiovisual y regiones en Europa”, *Telos*, nº 45, Madrid, marzo-mayo, 1996.

⁴ En 1998, mentres que los presupostos de la Corporació Catalana de Ràdio i Televisió y de la Euskal Irrati Telebista ascendían a 36.000 y 14.538 millóns de pesetas respectivamente, la Compañía de Radio e Televisión de Galicia contou con 12.000 millóns de pesetas de presuposto.

⁵ A primeira televisión local crease en Cataluña no 1981.

⁶ García Matilla, Agustín, “La televisión local como propuesta innovadora de comunicación” en Chaparro Escudero, Manuel: *Radiotelevisión pública local y alternativa*. Perspectivas, Jerez de la Frontera, Asociación de Emisoras Municipales de Andalucía de Radio y Televisión, 1997.

⁷ Uno de los siete modelos de televisión regional propuestos por Miguel de Moragas, Carmelo Garitaonandía y Bernat López en *Televisión de Proximidade en Europa*, Universitat Autònoma de Barcelona, 1999. La clasificación distingue entre: *Televisión de producción delegada en la región*, dentro de la que se ubican los centros regionales que producen programas para una televisión nacional de la que dependen orgánicamente, además de actuar como delegaciones informativas de éstas últimas, sin tener que emitir para la región en la que están implantadas; *Televisión descentralizada*, en la que se incluyen las estructuras de centros regionales dependientes de una televisión nacional que producen y emiten un informativo diario para su región, caso de los centros regionales de la TVE (España); *Televisión de desconexión regional*, que se corresponden con los centros regionales de una televisión nacional que emiten en desconexión una hora diaria o más, con una parrilla diversificada, y con capacidad de producción autónoma para sus propias necesidades de programación, o bien para producir programas de difusión nacional, como ocurre con las delegaciones de TVE en Cataluña y en Canarias; *Televisión de organización federada*, que se corresponde con los organismos televisivos

regionales, jurídicamente independientes pero asociados entre sí, encargados de la gestión de un canal nacional y de producción de programas del mismo, identificados con los organismos radiotelevisivos de los länder alemanes y las compañías regionales privadas de Channel 3 en Reino Unido; *Televisión regional independiente de cobertura específicamente regional*; *Televisión regional independiente con cobertura suprarregional, nacional o internacional* y *Televisión local de influencia regional*, las emisoras de difusión hertziana cuya zona de difusión e influencia alcanza una parte importante de la región en que radican, que sería el caso de Télé Lyon Métropole en Lyon en Francia, Rete 7 en Bologna en Italia.

⁸ Ledo Andión, Margarita “*O Audiovisual*”, en *A Comunicación en Galicia 2000/ Ponencia de Comunicación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2000.

⁹ Tras o análise sistemático dos informes presentados polos Estados membros sobre as normas relativas á radiodifusión televisiva de obras europeas e producións independentes (un 50% dos contidos difundidos deberán ser de produción europea, mentres que un 10% deben ser realizadas por produtores independentes) conclúese que o promedio ponderado de obras europeas varía según os países entre o 81,7% e o 53,3% aproximadamente (excepto no caso de Luxemburgo – RTL Tele Lëtzebuerg – que alcanza o 100%

e Portugal que apenas chega ó 43%). En España, por exemplo, as canles autonómicas obtiveron mellores resultados que as cadeas nacionais (Televisión Galicia atópase nun 80% en emisión de obras europeas, seguida por TV 33 de Cataluña cunha media do 72% nos dous anos analizados, pola súa parte Euskal Irrati Telebista alcanza o 91’6% nesta sección). Tele 5 e Antena 3 nin sequera alcanzan o mínimo obrigado. En xeral, obtivéronse mellores resultados na difusión de programas de produtores independentes xa que Canal + chegou a un 42’6%, cifra difícil de alcanzar polas televisións autonómicas españolas que, na maioría dos casos non poden comprar os dereitos, neste sentido a televisión galega solo obtivo un 3’6% en 1998. Sánchez, J., (tesis doctoral) *Audiovisual y sociedad de la información en las regiones: Castilla - La Mancha 1991 - 2001*. Universidad Complutense de Madrid.

¹⁰ Ledo Andión, M.(edic.) Os “*Estados Xerais da Cinematografía e do Audiovisual en Galicia*” . *Catálogo de producións 2001-2002*, Universidade Santiago de Compostela, 2004, pags. 48-50.

¹¹ Información extraída do *Informe de Xestión e Contas Anuais de Televisión de Galicia, S.A.*, 1997.

¹² Moragas Spà, M. de, Garitaonandía, Carmelo y López, Bernat (eds): *Televisión de Proximidad en Europa*, Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona, 1999.